

ROMANCE DE CHELO

1

Na ventana de Chelo
un día pola mañá
estaba a escada posta
para subi-lo rapaz.

2

Chegouse ela á ventá
e pasou Suso pra dentro;
non puido facer nada,
mira que atrevemento.

3

Eran as catro e media
e estaban ai, ai, ai, ai!
Bótate fóra, Suso,
que pode vir miña nai.

4

Levanta e corre Suso
e leva a escada contigo.
Non puiden facer nada,
mira que compromiso.

♩ = 96 | CANTO NARRATIVO



Na ven-ta-na de Che-lo un dí - a po - la ma - ñá



es - ta - ba a es - ca - da pos - ta pa - ra su - bi - lo ra - pás.



Che-gou-se e - la a ven - ta - na e pa - sou Su - so pra den - tro;



non pui - do fa - cer na - da, mi - ra que a - tre - ve - men - to.